CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Colaborar activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións.</li> <li>- Construción de figuras xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc.</li> <li>- Movementos e transformacións.</li> <li>- Análise de transformacións elementais, como xiros, translacións e simetrías en situacións diversas utilizando ferramentas tecnolóxicas e/ou manipulativas.</li> <li>- Visualización, razoamento e modelización xeométrica.</li> <li>- Modelización xeométrica para representar e explicar relacións numéricas e alxébricas na resolución de problemas.</li> <li>- Crenzas, actitudes e emocións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación.</li> <li>- Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.</li> <li>- Traballo en equipo e toma de decisións.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.</li> <li>- Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflito.</li> <li>- Inclusión, respecto e diversidade.</li> <li>- Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.</li> <li>- Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
12	Azar e probabilidade	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	PE	75
CA5.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática		
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	TI	25
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Colaborar activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Incerteza.</li> <li>- Identificación de fenómenos deterministas e aleatorios. Espazo mostral e sucesos.</li> <li>- Interpretación da probabilidade como medida asociada á incerteza de experimentos aleatorios.</li> <li>- Asignación de probabilidades mediante a regra de Laplace.</li> <li>- Estudo das propiedades básicas da probabilidade e resolución de problemas contextualizados.</li> <li>- Planificación e realización de experiencias sinxelas para analizar o comportamento de fenómenos aleatorios.</li> <li>- Asignación de probabilidades a partir dos resultados dun experimento aleatorio. Frecuencia relativa e probabilidade.</li> <li>- Papel do cálculo de probabilidades en distintos avances científicos e sociais.</li> <li>- Crenzas, actitudes e emocións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación.</li> <li>- Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.</li> <li>- Traballo en equipo e toma de decisións.</li> <li>- Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.</li> <li>- Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflito.</li> <li>- Inclusión, respecto e diversidade.</li> <li>- Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.</li> <li>- Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.</li> </ul>

#### **4.1. Concrecións metodolóxicas**

A materia de Matemáticas de 3º ESO contribuirá ao desenvolvemento e adquisición das competencias e dos obxectivos xerais presentes no currículo, tendo en conta o que o alumnado é capaz de facer, os seus coñecementos previos e a funcionalidade dos coñecementos adquiridos, é dicir, que poidan ser utilizados en novas situacións. Polo tanto, é moi importante contextualizar os aprendizaxes á resolución de problemas da vida real nos que se poidan utilizar números, gráficos, táboas, etc., así como realizar operacións, e expresar a información de forma precisa e clara. Nestas etapas, a resolución de problemas ocupa un lugar preferente no currículo como eixe da ensinanza e aprendizaxe das matemáticas. As estratexias de resolución e as destrezas de razoamento son contidos transversais a todos os bloques de contidos. Ademais, permiten traballar e integrar coñecementos de varios bloques ou de diferentes materias. Dende todos os bloques hai que abordar a planificación do proceso, as estratexias e técnicas da resolución de problemas ou a confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes adecuadas para enfrontarse a situacións novas. Os problemas deberán partir do nivel de coñecementos dos alumnos e as alumnas e irase graduando a súa dificultade ao longo da etapa. A metodoloxía que imos a utilizar ao longo deste curso asentase nos seguintes principios:

-Motivación: ao alumno hai que atraelo mediante contextos cercanos, presentarlle situacións que entenda e lle resulten significativas.

-Foco na aplicación e utilidade que as matemáticas teñen na vida cotiá dos alumnos, sen prescindir do rigor que require a materia.

-Relevancia das competencias en matemáticas e da competencia matemática.

-Aprendizaxe activo e colaborativo: a adquisición e aplicación de coñecementos en situacións e contextos reais é unha maneira óptima de fomentar a participación e implicación do alumnado no seu propio aprendizaxe. Unha metodoloxía activa debe apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativo, de forma que, a través de la resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares.

-Peso importante das actividades: a extensa práctica de exercicios e problemas afianza os coñecementos adquiridos e permite ao profesor detectar (e resolver) calquera lagoa de aprendizaxe.

-Integración das TIC no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Neste apartado hai que salientar que emprégase a plataforma Edixgal e os textos dixitais de xeito cotiá nas sesións de clase

-Atención a diversidade de capacidades e intereses: isto implica una metodoloxía de ensanzas na que a clave é garantir o avance seguro, o logro paso a paso. Evitando lagoas conceptuais, competencias insuficientemente traballadas y, en definitiva, frustracións por non acadar cada alumno, dentro dos principios de atención individualizada e educación inclusiva, todo aquilo do que é capaz. O que implica atender non só a quen mais axuda precisa senón tamén aos alumnos con maior capacidade e interese por ampliar coñecementos.

Será preciso traballar con distintas técnicas de aprendizaxe e con materiais que permitan distintos grados de afondamento e actividades abertas. Os métodos teñen que ser diversos, tendendo sempre a propostas metodolóxicas que impliquen activamente ao alumnado. En ocasións, a utilización de distintos medios tecnolóxicos pode facilitar o aprendizaxe de forma autónoma e permitirá traballar a niveis diferentes según as capacidades dos alumnos e as alumnas, mellorando deste xeito a atención á diversidade.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pizarra dixital
Ordenador de aula
Altosfalantes

Tamén contaremos con diverso material didáctico como figuras xeométricas desmontábeis, cordas de 12 nós, cartas, dados, etc.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso procederase a realizar unha serie de probas para verificar o nivel co que chega o alumnado. Xeralmente consistirán en modelos de exame utilizados nos cursos anteriores, pero tamén se poderá botar man de fichas dedicadas aos aspectos máis reiterados da nosa materia. No caso de que sexa posible, por diversos motivos: informes de cursos anteriores, coñecemento previo por parte do profesor ou profesora, intervencións na clase..., ter unha idea xeral do alumnado dun grupo, poderase agardar á realización da primeira proba correspondente á materia do curso en marcha.

Unha vez detectados os problemas de determinados alumnos con dificultades, procederase a dar coñecemento deles ao persoal do centro especializado e procederase en consecuencia ofrecéndolles clases de apoio, adaptacións curriculares, PDC, reforzo, etc.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>5</b>
<b>Proba escrita</b>	65	80	80	80	80	80	80	80	80	80
<b>Táboa de indicadores</b>	35	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	75	75	<b>78</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	25	25	<b>22</b>

### Criterios de cualificación:

Criterios xerais

Probas escritas:

En todas as probas escritas figurará a puntuación de cada pregunta. Se non figurara, sobreentenderase que todas as preguntas teñen o mesmo valor. Na primeira proba escrita do curso, se informará a todo o alumnado das normas e criterios xerais de corrección que se aplicarán a todas as probas escritas do curso, e que son os seguintes:

-Todas as follas do exame deberán ter nome e estar numeradas.

-Non é necesario responder ás preguntas seguindo a orde numérica, pero deberá quedar claro cal é o exercicio que se está a facer e non intercalar respostas doutros exercicios.

-É obrigatorio escribir con bolígrafo azul ou negro. Non se admitirán exames feitos con lapis.

-A ausencia de explicacións na solución repercutirá negativamente na súa valoración, tendo unha puntuación de cero se só se aporta a solución numérica sen ningunha explicación.

-Aínda que o resultado non sexa correcto, pero si o plantexamento e o desenvolvemento do problema, valorarase con ata un 75% da nota da pregunta.

-Se durante a realización dunha proba se observara a un alumno copiar, utilizar o móbil ou calquera dispositivo non autorizado ou interactuar de calquera xeito non autorizado con compañeiros, a cualificación de dita proba será de 0 por parte do alumno infractor.

Sistema de cualificación das probas escritas:

A cualificación de calquera proba escrita puntuarase cun número comprendido entre 0 e 10, considerándose aprobado o exame que obtivera unha cualificación de 5 ou superior e suspenso o que obtivera unha cualificación inferior a cinco. A incomparecencia non xustificada dun alumno a unha proba escrita carrexará a cualificación de 0.

Ponderación: A cualificación de cada proba escrita calcularase segundo a seguinte ponderación:

- 80% cualificación das preguntas da proba escrita.

- 20% valoración do traballo diario do alumnado a través de realización de tarefas ao longo da impartición da materia da que trate a proba.

Realizaranse, como norma xeral, dúas probas escritas por trimestre.

### AVALIACIÓNS

Como norma xeral, para superar cada avaliación o alumno deberá ter todos os exames de dita avaliación aprobados, isto é, con cualificación igual ou superior a cinco. A cualificación da avaliación obterase facendo a media das cualificacións dos exames.

Outros casos:

a.O alumno ten exames dunha avaliación suspensos e outros aprobados:

- Se nos exames suspensos ten unha cualificación de catro ou superior, a cualificación da avaliación será a media das cualificacións dos exames, considerando a avaliación aprobada cando a media dos exames sexa de 5 ou superior
- Se nalgún exame suspenso ten unha cualificación inferior a catro a cualificación da avaliación será un catro, ou a media dos exames se esta é inferior a catro.

b.O alumno ten todos os exames da avaliación suspensos:

A cualificación da avaliación obterase facendo a media das cualificacións dos exames.

PROBA FINAL

A final de curso realizarase unha proba final á que se presentarán aqueles alumnos que teñan exames suspensos e non recuperados ou exames suspensos da terceira avaliación. O alumno só se examinará de aqueles exames que nese momento aínda non teña aprobados. A cualificación desta proba substituirá á dos exames suspensos, agás que fora inferior

CUALIFICACIÓN DA CONVOCATORIA ORDINARIA

Casos:

a. O alumno non precisou presentarse á proba final :

- A cualificación será a media das cualificacións de todos os exames de avaliación do curso, substituíndo os suspensos que houbera polas respectivas recuperacións.

b. O alumno ten na proba final unha cualificación de catro ou superior:

- A cualificación final calcularase facendo a media entre a da proba final e o resto dos exames aprobados do curso. Considerarase a materia superada cando a media sexa de 5 puntos ou superior.

c. O alumno ten na proba final unha cualificación inferior a catro:

- A cualificación final será un catro, ou a media dos exames do curso se esta é inferior a catro.

### **Criterios de recuperación:**

RECUPERACIÓNS DAS AVALIACIÓNS

Nas dúas primeiras avaliacións o sistema de recuperación queda como sigue:

- Farase unha proba escrita ao comezo da seguinte avaliación onde o alumno poderá recuperar os exames que tivera suspensos.

- A nota da avaliación recalcularase tendo en conta que a cualificación da recuperación substitúe á do exame ou exames suspensos, agás que fora inferior a ela.

- As avaliacións aprobadas non precisan recuperación, aínda que haxa exames con notas entre catro e cinco.

A terceira avaliación recuperarase na proba final. Só deberán recuperarse os exames que estean suspensos.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Para facilitar a recuperación da materia pendente na convocatoria ordinaria, os alumnos/as terán as seguintes formas de facelo:

PRIMEIRA FORMA. Aprobar a primeira e segunda avaliación, ou ben a convocatoria ordinaria, de Matemáticas, do curso no que está matriculado actualmente.

SEGUNDA FORMA. Realizar tres probas escritas parciais eliminatorias, nos meses de outubro, xaneiro e abril para alumnado de ESO e Bacharelato. Para o alumnado que supere as tres probas escritas (nota igual ou superior a 5), farase a media das tres cualificacións. Os que suspendan o primeiro parcial e o segundo, examinaranse no terceiro de toda a materia e a nota final será a que obteñan neste exame. Para facilitar a tarefa, o alumnado terá á súa disposición a través da páxina web do centro, como material de traballo, 6 boletíns de exercicios con solución, que comprenden os aspectos máis importantes da materia impartida no curso pasado. Para a súa realización, o alumnado contará coa axuda do profesorado do departamento, que lle resolverá calquera dúbida.

As probas escritas estarán compostas de cuestións iguais ou semellantes ás dos boletíns.

TERCEIRA FORMA. Aprobar o exame global da materia pendente que se fará o mes de abril/maio.

O alumnado que non supere a materia pendente de ningún destes tres xeitos poderá presentarse á proba correspondente á convocatoria extraordinaria (neste caso non haberá tres partes diferenciadas na proba).

O alumnado que supere a convocatoria extraordinaria da materia do curso no que está matriculado, será cualificado na convocatoria extraordinaria da materia pendente polo menos cun 5.



## 6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade terá dous enfoques por unha parte individual e por outra no grupo.

### 1. Diversidade individual.

#### 1.1 Diversidade na comprensión

Non ten ningunha dificultade para entender os contidos.

Medida: seleccionar contidos cun grao maior de dificultade.

Entende os contidos, pero, en ocasións, resúltanlle difíciles

Medida: seleccionar os contidos significativos de acordo á súa realidade.

Ten dificultades para entender os contidos que se presentan.

Medida: seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica.

#### 1.2 Diversidade na capacitación e desenvolvemento.

Non ten dificultades (alumnos de altas capacidades).

Medida: potenciar estas a través de actividades que lles permitan poñer en xogo as súas capacidades.

Ten pequenas dificultades.

Medida: propoñer tarefas nas que a dificultade sexa progresiva de acordo ás capacidades que se vaian adquirindo.

Ten dificultades.

Medida: seleccionar aquelas tarefas de acordo ás capacidades do alumnado, que permitan alcanzar os contidos mínimos esixidos.

#### 1.3 Diversidade de interese e motivación

Mostra un grande interese e motivación.

Medida: seguir potenciando esta motivación e interese.

O seu interese e motivación non destacan.

Medida: fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas.

Non ten interese nin motivación.

Medida: fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas máis procedementais e próximas á súa realidade.

#### 1.4 Diversidade na resolución de problemas

Encontra solucións aos problemas que se presentan en todas as situacións.

Medida: seguir fomentando esta capacidade.

Encontra solucións aos problemas que se presentan nalgunhas situacións.

Medida: propoñer problemas cada vez con maior grao de dificultade.

Ten dificultades para resolver problemas nas situacións que se presentan.

Medida: propoñer problemas de acordo ás súas capacidades para ir desenvolvéndoas.

#### 1.5 Diversidade na comunicación

Exprésase de forma oral e escrita con claridade e corrección.

Medida: propoñer tarefas que sigan perfeccionando a expresión oral e a escrita.

Ten algunha dificultade para expresarse de forma oral e escrita.

Medida: propoñer algunhas tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar expresión oral e escrita co fin de melloralas.

Ten dificultades para expresarse de forma oral e escrita.

Medida: propoñer actividades co nivel necesario para que o alumnado adquira as ferramentas necesarias que lle permitan mellorar.

### 2. Diversidade grupal

#### 2.1 De comunicación

A comunicación profesor-grupo non presenta grandes dificultades.

Non se necesitan medidas.

A comunicación profesor-grupo ten algunhas dificultades.

Medida: propoñer estratexias para mellorar a comunicación.

A comunicación profesor-grupo ten grandes dificultades.

Medida: descubrir a causa das dificultades e propoñer medidas que as minimicen.

#### 2.2 De interese e motivación

O grupo está motivado e ten grande interese.

Non se necesitan medidas.

Parte do alumnado está desmotivado e ten pouco interese.

Medida: propoñer estratexias que melloren o interese e a motivación desa parte do alumnado.

O grupo non ten interese e está pouco motivado.

Descubrir a causa da desmotivación e propoñer medidas que as minimicen.

### 2.3 De comportamento e colaboración

O grupo ten bo comportamento e sempre está disposto a realizar as tarefas.

Non se necesitan medidas.

Parte do alumnado ten boa actitude e colabora.

Medida: propoñer actividades de grupo nas que asuma responsabilidades o alumnado menos motivado.

O grupo ten mala actitude e non colabora nas tarefas.

Medida: descubrir as causas do problema e adoptar medidas, estratexias, etc. para minimizar esas actitudes.

A educación secundaria obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado. As medidas de atención á diversidade nesta etapa están orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e á adquisición das competencias correspondentes.

Coas medidas de atención a diversidade téñense en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe,

favorécese a capacidade de aprender por si mesmos e promóvese a aprendizaxe en equipo.

A parte das anteriormente descritas ,as medidas de atención á diversidade que se adoptan este departamento son: Agrupamentos.

O Departamento impartirá a materia de Matemáticas en agrupamento específico en 2º de ESO.

A programación a seguir será a que se inclúe neste documento para o nivel correspondente, pero tendo en conta que normalmente o progreso na adquisición de contidos é máis lento polas especiais características do alumnado, será prioritario o traballo dos contidos mínimos, renunciando se é preciso a outros contidos programados inicialmente.

A profesora que imparta clase neste grupo potenciará as actividades de reforzo máis axeitadas para cada alumno. A metodoloxía será específica, cun seguimento máis personalizado do alumnado, con tarefas específicas, técnicas de traballo en grupo e de maneira especial potenciación da lectura para facilitar a comprensión matemática do alumnado.

A.C.I.

O Departamento segue as indicacións do Departamento de Orientación e colabora con el na preparación das adaptacións curriculares da materia de Matemáticas.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Compensación lectora, expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Espíritu expendedor	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Compensación lectora, expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais	X	X	X	X
ET.3 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X
ET.4 - Linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas	X	X	X	X
ET.5 - Espíritu expendedor	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Hora de cálculo.	Unha vez por semana durante a hora de ler farase co alumnado un xogo de preguntas encadeadas de operacións aritméticas para practicar o cálculo mental. O profesorado do departamento prepara unhas fichas semanais coas preguntas e as respostas para que todo o profesorado do centro poda levar a cabo a actividade. Esta actividade comeza na primeira avaliación pero se estende ás outras dúas.			
Explícoche matemáticas.	Concurso sobre a confección dun video cunha explicación dun tema de matemáticas feito enteiramente polo alumnado. O xurado serán os membros do departamento e outorgaranse premios			
Visita aos museos científicos da Coruña	Visita guiada ao MUNCYT cunha pequena gymkana para ver as salas da colección e uns minutos de visita libre. Visita libre ao DOMUS. Visita libre á Casa das Ciencias, con Planetario			
Visita a IMATXINA	feira de ciencia que se celebra en Vigo onde o alumnado participa en diferentes obradoiros matemáticos			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Medindo alturas.	A partir da exposición dunha serie de problemas concretos (atopar determinadas lonxitudes inaccesibles como a altura do tellado do centro ou unha árbore) o alumnado fará medicións con cintas métricas e un teodolito didáctico que conduzan ao establecemento dun problema de trigonometría que posteriormente se resolva, obténdose a solucións da cuestión xurdida ao principio.			
Traballo de investigación sobre curiosidades matemáticas.	Proporáselles aos alumnos unha serie de temas sobre os que facer un pequeno traballo de manipulación matemática que logo se exporá no centro na semana das matemáticas. Entre os temas propostos ao alumnado estarán: Papiroflexia, fotografía matemática, fractales, anamorfismos, demostración práctica do teorema de Pitágoras, construción da xerra de Pitágoras e outros que o propio alumnado propoña.			

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Planifica a práctica docente tendo en conta os estándares de aprendizaxe.
Realiza a temporización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo.
Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo.
Planifica as clases de maneira aberta e flexible.
Establece criterios, procedementos e instrumentos de avaliación correlacionados cos estándares de aprendizaxe
Coordínase co profesorado do propio departamento e doutros departamentos.
Establece canles de comunicación para que o diálogo sexa fluído.
Proporciona ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino-aprendizaxe.
Desenvolve actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novedosos.
Fomenta un bo ambiente na aula.
Promove a participación activa do alumnado.
Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de traballos.
Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
Evita a repetición de actividades a fin de introducir elementos novedosos que motiven ao alumnado.
Resume e repasa ao comezo de cada sesión os contidos xa traballados en sesións anteriores.

Utiliza exemplos na introdución de novos contidos.
Resolve as dúbidas do alumnado dentro e fóra das sesións de traballo.
Establece tempos fóra das sesións de traballo para atender ao alumnado.
Utiliza diferentes soportes durante as sesións de traballo.
Selecciona actividades en xeral que permitan alcanzar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave.
Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias.
Analiza os procesos das actividades en xeral.
Establece medidas que permitan introducir melloras.
Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de actividades e traballos indicando aspectos nos que o alumnado pode introducir melloras.
Proporciona indicacións durante a realización do traballo práctico na aula.
Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de tarefas que se desenvolven durante as sesións de traballo.
Favorece os procesos de autoavaliación.
Propón actividades complementarias para resolver problemas que xorden durante o proceso de ensino-aprendizaxe.
Establece con claridade os criterios de avaliación e de puntuación.
Informa ao alumnado e ás súas familias dos resultados obtidos.

#### **Descrición:**

As programacións didácticas serán revisadas trimestralmente en canto no que se refire a temporalización.

En canto os resultados académicos estas serán avaliadas inicialmente en xuño e posteriormente en setembro atendendo os indicadores anteriores.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Durante todo o curso se fará un seguimento e avaliación da programación didáctica a través dis indicadores mencionados, e se proporán ideas de mellora en cada reunión de departamento.

## **9. Outros apartados**